



## *Olga Novo (Agosto de 2008)*

*Boa tarde a todas e todos, benvidos os que estades hoxe aquí para dar inicio ás Festas de Monforte. Aquí estamos, un ano máis coa Felicidade da Festa, a carón do Río Cabe que vén desde as outas terras do Incio e atravesa as miñas do Brollón e marcha cara o Sil atravesando este Monte Forte. Con el descenden e nel viven as boas troitas da vida, as augas nas que nos bañamos todos, as augas cheas de Ouro extraído polos Romanos.*

*Aquí estamos no Monte Forte doutros tempos, que quero eu que sexa Forte sempre e medre tendo presente os bos tempos das industrias do Zapato e do esplendor do Ferrocarril que unía Galicia co Mundo. Porque desde Monforte íase e vaise a todas partes.*

*Esta Leticia de Lemos coa que hoxe damos comezo ao baile, ó canto, ó disfrute, á música, á boa comida e bebida, esta Leticia é compartida polas xentes todas do Val, vidas canda o río, de Bóveda, Brollón, Pantón, O Savinao e Sober. Que a Leticia se estenda coma o viño da nosa Ribeira Sacra e se sinta nos leitos do Lor e do*



*Mao, do Sil e do Miño e tamén veña a vida polo ar desde os Altos da Veneira, e da Serra do Courel, desde o Chao das Lagas e o Alto da Chá. Que se cante en Charaga e Bascós. Que a libre harmonía da Festa nos libere para sempre dos escuros feitos ocorridos hai setenta anos: eu quero estender canda o Río a paz de cantos viviron e viven no Val. Porque no Cabe cabemos todos. Couberon cristiáns e mouros e xudíos e maragatos que viñan vender preciosas mantas de raias, couberon xitanos e coubemos os ateos, os republicanos, e coubemos os galegos e galegas que acollemos aos que agora veñen doutras terras a vivir nas nosas. Porque o Monte só pode ser Forte se é diverso e aberto.*

*No lugar en que agora estamos, neste Campo de San Antonio, noatrorra houbo Mosteiro do que só queda o cruceiro de pedra. É preto de aquí, na praza das Clarisas houbo a praza dos carboeiros, e nos días de feira os pobres traficantes do carbón facían o seu comercio aquí mesmo, onde agora estamos, e a carón mesmo dos Ollos do Río. Eses Ollos ou Arcos que o ven todo.*

*E esta Casa do Concello ante a que agora estamos, tampouco estivo aquí antigamente. A Casa do Concello de Monforte ata os inicios do século XIX estaba*



aló no Alto subindo pola xadería arriba cara o castelo, xa dentro das murallas. E a rúa principal non era a do Cardeal senón aló enriba, a da Falagueira, que así se chamaba polo bulicio de xente que había, comerciando, tratando, traballando ou simplemente falando e rindo, contando a vida e as cousas do día da día do pobo de Monforte. A rúa falagueira é un nome que me encanta, a rúa da palabra, a rúa do falar, do intercambio e do encontro das persoas, a rúa dos prateiros e dos vendedores das teas, dos orfebres, dos mercaderes, das cousas bonitas que había a vender, e preto dela os pequenos calexóns que hoxe están sendo rehabilitados onde antano houbo pescaderías e zapaterías e tódalas tendas que facían de Monforte unha Vila con Vida.

Aquí mesmo a carón temos aínda o calexón do Tinter, a Rúa dos Teceláns, na baixada ao río, que lembra a grande tradición da industria do tecido en Monforte. Vila das teas e teares e tecelanas e sedas e sedeiros. Pois antigamente Monforte era tamén a capital galega da seda, aquí se fabricaba desde o século XIV e desde aquí se exportaba unha seda suave tinguida das máis fermosas cores para vestir damas doutras terras. A rúa dos sedeiros encontrábase onde hoxe temos o cardeal



estreito. E estaba a nosa vila inzada de moreiras para que nelas medrasen os vermes que producen a seda. E parece que o nome d'O Morín procede desas moreiras de antano. A min gústame ter esta memoria da Seda; do traballo e da beleza das cousas ben feitas por mans nosas. E pido e desexo que medren entre nós as Moreiras e que volva a seda a Monforte.

E tamén aquí no Campo de San Antonio houbo o primeiro cine de Monforte, nun barracón da familia Barbajelata que logo instalou o "Cine Moderno" na que hoxe é a Avenida de Galicia. E tivemos lagares onde hoxe está a Florida, lagares de aceite e viño e sidra. E tivemos en remotos tempos osos que baixaban beber ó río e que deron un nome ao xa desaparecido Calexón dos Osos.

Porque Monforte tivo esplendor e traballo e alegría e vida de nenos e de vellos nas rúas e calexas e prazas e casas de corredor e de galería. De casas boas e fortes e de casas modestas e de casas humildes e de barracóns pobrísimos e camiños de xentes a pedir esmola. Camiños reais, como o que viña de Castela e pasaba xunto ao pequeno regato de Zapardiel onde os noivos ían ocultar as súas caricias na noite.



*E tivemos a sorte de ter escritores para cantar a beleza destas terras e non podo non dicir aquí os seus nomes hoxe: Manuel María vido da Terra Chá e cantor tamén de Monforte, e que rexentou xunto á súa compañeira Saleta a librería Xistral durante anos, Lois Pereiro, que cantou a vida incluso cos pés postos na morte, Antón Lopo e Lois Diéguez que levan Monforte dentro e máis alá, Antón Patiño que foi poeta e pintor e especialista en cousas de menciñeiros, Teresa Moure que celebra o novo mundo libre das mulleres que todas queremos para que a humanidade avance, e quero e gústame pronunciar aquí os nomes de Uxío Novoneyra que aínda que non era de Monforte aquí veu multitude de veces desde as próximas terras do Courel visitar ao amigo Manuel María, como veu tamén a grande poeta noíesa María Mariño, que viviu no Courel e á que Monforte dedicou unha rúa.*

*Todo isto noso é visto polos inmensos Ollos do Río, hoxe tres en forma de arco, pero antano cinco e oito que agora durmen o seu sono baixo o pavimento. Ollos para deixar pasar a auga das enchentes, e que non se nos inunde nada, Ollos para ver pasar os peixes, Ollos que viron as luces dos fogos de artificio cada ano, Ollos*



*que agora nos ven celebrando a Leticia da Festa no lugar de Lemos. Ollos da Ponte Vella, Sabia coma tódalas vellas. Con eses Ollos quero ver eu Monforte hoxe e sempre: Alegría para os que estamos e imos ao baile, Saúde para os que non poden estar nel. Paz para todos.*

*Veciños da Estación, boa Festa. Veciños de Carude independente, dos Chaos, do Morín, das Gándaras, da Pena, das Cruces, das Casas Baratas, de San Vicente, Ramberde, Rioseco, O Casar, Vilanova, Os Abeledos, Boa Festa. Mozos e mozas que pasean e se bican polo Malecón, Boa Vida. Rapazada da rúa de Duquesa de Alba, boa Lúa. Boa festa, xente da Xudería, estudantes queridos do Barrio de San Pedro e da Pinguela, Comerciantes do Cardeal, da rúa das Hortas, nenos que choutan na praza do azougue ou da leña, da Constitución ou da República, logo bautizada polo fascismo como Praza de España, Boa Festa. Veciños da Compañía, onde houbo antiga feira de vacas e bois, boa Festa, boa Feira. Veciños de Distriz, Guntín, Moreda, Piñeira, A Vide, A Parte, Reigada, Rivasaltas, Valverde e Baamorto, Boa Festa. Xente de Fiollada, Seoane, Tor, Marcelle, Caneda, Gullade, Chao do Fabeiro, Boa Festa. Veciños d'As Nocedas, A Penela,*



*Sindrán, Sta Mariña do Monte e Villamarín: Boa Festa.*

*E Boa Festa a todos vós que aquí comigo estades: a Leticia de Lemos comeza hoxe e dámoslle paso. Que dure a Alegría e Boa Vida Sempre.*

*Olga Novo.*